

Martes, 19 de setembro de 2017

Núm. 180

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### POIO

#### Bolsas de emprego

*APERTURA PRAZO: CONVOCATORIA BOLSA DE EMPREGO CONSERXE/ORDENANZA*

#### SUMARIO: BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO NO CONCELLO DE POIO. APERTURA DE PRAZO

Por medio do presente procédese a publicación da convocatoria para a elaboración de bolsa do posto que se detalla segundo as bases específicas aprobadas por acordo número 15276 adoptado pola Xunta de Goberno Local:

#### Primeira. Obxecto da convocatoria

Ten por obxecto a presente convocatoria a elaboración das seguintes bolsas de contratación :

Posto	Conserxe/Ordenanza
Categoría	5
Área	Servizos Xerais

#### Segunda. Requisitos

Ademais dos requisitos xerais sinalados nas bases xerais denominadas “Bases de Selección de Persoal que integrarán as bolsas de emprego do Concello de Poio nos diversos postos” e as modificación posteriores as persoas aspirantes a estes postos deberán posuír os seguintes requisitos específicos:

Titulación Académica	Certificado de Escolaridade ou equivalente
----------------------	--

#### Terceiro. Sistema de Selección

Establécese o sistema de concurso-oposición, de conformidade co apartado SISTEMA DE SELECCIÓN das bases xerais que rexen a convocatoria.

#### Cuarto. Documentación a presentar

Solicitude para participar no proceso selectivo dirixida ao Sr. Alcalde xuntando fotocopia simple do DNI e da titulación académica así como xustificante de abono dos dereitos de exame (3,12 €).

Código seguro de verificación: D32M2RLUU2XI8HX7



Martes, 19 de setembro de 2017

Núm. 180

### **Quinto. Prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes será de 8 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### **Sexto. Programa da Convocatoria**

Para a fase oposición establécese o seguinte programa:

Tema 1.— Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.— Lei 7/1985, do 2 de abril: O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 3.— Os órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Votacións. Actas.

Tema 4.— Clases de empregados ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 5.— Atención ao público: acollida, información directa e telefónica.

Tema 6.— O rexistro de documentos. Comunicacions e notificacións. A práctica da notificación.

Tema 7.— Maquinaria e utensilios empregados polo persoal subalterno: fotocopiadora, destrutora de documentos, fax e outras análogas.

Tema 8.— Conservación e mantemento de edificios públicos. Correspondencia e paquetería: envíos e servizos postais, franqueo.

Tema 9.— Organización de reunións. Protocolo. Tratamentos honoríficos.

Poio, a 7 de setembro de 2017.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

Código seguro de verificación: D32M2RLUU2XI8HX7

